

O PROXECTO DOCUMENTAL  
INTEGRADO NO CURRÍCULO

ELABORANDO MATERIAIS  
DIDÁCTICOS PARA TRABALLAR  
COMPETENCIAS CLAVE

# OS PASOS PARA CONVERTIR EN CURRÍCULO A PARTICIPACIÓN NUN PROXECTO

Unha vez que dende a aula decides participar no proxecto é hora de ver que partes do currículo estás cubrindo con esas actividades e tarefas que pos en marcha:

No noso caso o ano pasado escomezamos por analizar que contidos podíamos deixar traballados coas tarefas que poñíamos en marcha no proxecto documental do centro:

**ACTIVIDADE:** Elección do país que se vai traballar en cada aula.

**TEMPORALIZACIÓN:** Mes de setembro

**OBXECTIVOS:** Definir o obxecto de estudo e investigación

**DESENVOLVEMENTO:** Cada grupo escollerá o país sobre o que vai desenvolver o seu traballo ao longo do curso. A elección poderá ser feita na clase ou será a titora quen elixa o país.

# PRIMEIRO SELECCIONAMOS OS CONTIDOS

Mirando o decreto fomos buscando aqueles CONTIDOS que íamos traballar:

## ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS

### BLOQUE 1: CONTIDOS COMÚNS

- B1. 1. Iniciación ao coñecemento científico, toma de conciencia das súas fases e a súa aplicación nas Ciencias sociais. Proposta de traballo que xurda dun problema, acontecemento ou inxuedanza e que supoña un proceso de investigación e acción que garanta participación activa do alumnado e facilite o proceso de autorregulación de aprendizaxes.
- B1. 2. Busca e selección de información empregando as TIC e outras fontes (directas e indirectas), organización, análise, documentación do proceso (mediante uso do cartafoles) e comunicación das conclusións.
- B1.4. Emprego de técnicas de estudo individual e de estratexias de traballo cooperativo. Valoración do esforzo e coidado do material.
- B1.9. Utilización e lectura de diferentes linguaxes textuais e gráficos.

## BLOQUE 2: O MUNDO QUE NOS RODEA

- B2.6. Cartografía. Planos, mapas e planisferios. Mapas temáticos.
- B2.7. Escalas e signos convencionais dun mapa.

### ÁREA DE LINGUA GALEGA

#### BLOQUE 1: COMUNICACIÓN ORAL: FALAR E ESCOITAR

- |   |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"><li>▪ B1.5. Comprensión e produción de textos orais breves para aprender e para informarse, tanto os creados con finalidade didáctica como os de uso cotián, de carácter informal (conversas entre iguais e no equipo de traballo) e dun maior grao de formalización (exposicións da clase, entrevistas ou debates).</li></ul>  |
| <ul style="list-style-type: none"><li>▪ B1.7. Participación e cooperación nas situacións comunicativas de relación social especialmente as destinadas a favorecer a convivencia (debates, exposicións curtas, conversas, expresións espontáneas, asembleas, narracións orais, entrevistas) con valoración e respecto das normas que rexen a interacción oral (quendas de palabra, roles diversos no intercambio, respecto ás opinións das demais persoas, ton de voz, posturas e xestos adecuados).</li></ul> |
| <ul style="list-style-type: none"><li>▪ B1.8. Uso de estratexias elementais para comprender e facer comprender as mensaxes orais: fluidez, claridade, orde, léxico apropiado, pronuncia correcta, ton de voz, entoación, xestualidade, incorporación das intervencións das demais persoas e formulación de preguntas coherentes.</li></ul>  |
| <ul style="list-style-type: none"><li>▪ B1.9. Produción de textos orais sinxelos propios dos medios de comunicación social mediante simulación para ofrecer e compartir información.</li></ul>  |
| <ul style="list-style-type: none"><li>▪ B1.10. Utilización de estratexias para potenciar a expresividade das mensaxes orais (miradas e posturas corporais).</li></ul>   |
| <ul style="list-style-type: none"><li>▪ B1.11. Actitude de cooperación e de respecto en situacións de aprendizaxe compartida.</li></ul>   |
| <ul style="list-style-type: none"><li>▪ B1.12. Interese por expresarse oralmente coa pronuncia e coa entoación adecuadas.</li></ul>   |

## BLOQUE 2: COMUNICACIÓN ESCRITA: LER

B2.8. Realización de diferentes tipos de lectura: de investigación, de aprendizaxe, de gozo persoal, de resolución de problemas.

## BLOQUE 3: COMUNICACIÓN ESCRITA: ESCRIBIR

B3.5. Redacción de textos breves e sinxelos: carteis publicitarios, anuncios, cómics, poemas, cancións e anécdotas.

B3.7. Utilización de elementos gráficos e paratextuais para facilitar a comprensión (ilustracións, gráficos, táboas e tipografía) e ilustración creativa dos propios textos.

## BLOQUE 4: COÑECEMENTO DA LINGUA

- |   |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"><li>■ B4.4. Comparación de estruturas sintácticas diversas para observar a súa equivalencia semántica ou posibles alteracións do significado.</li></ul>   |
| <ul style="list-style-type: none"><li>■ B4.5. Exploración das posibilidades do uso de diversos enlaces entre oracións (causa, consecuencia, finalidade, contradición...), así como algúns elementos de cohesión, en relación coa composición de textos.</li></ul> |

# ÁREA DE ED. ARTÍSTICA (PLÁSTICA)

## BLOQUE 2. EXPRESIÓN ARTÍSTICA

B2.2. Preparación de documentos propios da comunicación artística: carteis, programas e guías.

B2.3. Disposición á orixinalidade e á espontaneidade á hora de plasmar ideas.

- |   |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"><li>■ B2.12. Constancia e esixencia progresiva no proceso de realización de tarefas plásticas aplicando estratexias creativas e respectando as normas previamente establecidas.</li><li>■ B2.13. Seguimento das normas e das instrucións de manexo e conservación de instrumentos, materiais e espazos.</li><li>■ B2.14. Asunción de responsabilidades no traballo individual e colectivo.</li><li>■ B2.15. Elaboración de deseños previos á realización dunha obra para chegar ao resultado final con orde e limpeza.</li><li>■ B2.16. Establecemento de protocolos de organización, orde, limpeza e presentación.</li></ul> |
|---|

# UNHA VEZ QUE TIVEMOS CLAROS OS CONTIDOS XA TEMOS OS CRITERIOS DE AVALIACIÓN XA QUE ESTÁN NO CURRÍCULO

## ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS

B1.1. Realizar un traballo de investigación que supoña a busca, selección e organización de información sobre fenómenos previamente delimitados, a realización dun produto, a documentación do proceso e a comunicación do resultados.

B1.2. Empregar estratexias de traballo cooperativo, adoitando un comportamento de respecto e tolerancia ante as diferentes ideas e achegas alleas nos diálogos e debates, valorando o esforzo e amosando actitudes de cooperación, participación e respecto cara aos demais.

B2.4. Describir correctamente planos e mapas, incluíndo os planisferios, interpretando a súa escala e signos convencionais.

## ÁREA DE LINGUA GALEGA

B1.4. Comprender e producir textos orais propios do uso cotián ou do ámbito académico.

B1.5. Manter unha actitude de escoita activa, respectando as opinións dos e das demais.

B1.6. Participar nas diversas situacións de intercambio oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral.

B1.7. Amosar interese por expresarse en público coherentemente, sen contradicións, sen repeticións innecesarias e usando nexos adecuados.

B1.8. Elaborar textos orais sinxelos propios dos medios de comunicación.

**B1.9. Reforzar a eficacia comunicativa das súas mensaxes orais, coa utilización de elementos propios da linguaxe non verbal.**

**B1.10. Amosar respecto e cooperación nas situacións de aprendizaxe en grupo.**

**B1.11. Interesarse por amosar unha pronuncia e entoación adecuadas.**

**B2.6. Realizar diferentes tipos de lectura.**

**B3.6. Utilizar recursos gráficos e paratextuais que faciliten a comprensión dos textos e contribúan á súa ilustración creativa.**

**B3.7. Coidar a presentación dos traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación.**

## ÁREA DE ED. ARTÍSTICA (PLÁSTICA)

B2.2. Realizar planos, mapas e carteis, individualmente e en grupo; manexando as ferramentas básicas do debuxo xeométrico.

B2.3. Imaxinar, debuxar e elaborar obras tridimensionais con diferentes materiais.

B2.4. Representa, de forma persoal, ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.

B2.5. Participar con interese, coidando e respectando o material, os utensilios e os espazos, desenvolvendo a iniciativa e a creatividade, respectando as normas e as regras previamente establecidas.

B2.6. Amosar interese polo traballo, apreciando e valorando a correcta realización de actividades e a presentación.

# ASÍ CHEGAMOS AOS ESTÁNDARES QUE ESTABAN A TRABALLAR OS NÓSOS ALUMNOS MEDIANTE ESA TAREFA

## ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS

CSB1.1.1. Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a información relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito.

CSB1.1.2. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.

CSB1.1.3. Realiza as tarefas encomendadas e presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa.

CSB1.2.1. Participa en actividades individuais e de grupo, e emprega estratexias de traballo cooperativo valorando o esforzo e o coidado do material.

CSB1.2.2. Adopta un comportamento responsable, construtivo e solidario, respectando diferentes ideas e achegas nos debates e recoñecendo a cooperación e o diálogo como principios básicos do funcionamento democrático.

CSB2.4.1. Identifica e clasifica os diferentes tipos de mapas, define que é a escala nun mapa e emprega e interpreta os signos convencionais máis usuais que poden aparecer nel.

QUEDAMOS CON TRES ESTÁNDARES QUE QUEREMOS AVALIAR

## ÁREA DE LINGUA GALEGA

LGB1.1.1. Comprende as ideas principais dun texto oral sinxelo, procedentes da radio, da televisión ou de internet, identifica o tema e elabora un resumo.

LGB1.1.2. Comprende o significado literal e inferencial dun texto oral sinxelo, distinguindo, de maneira xeral, información de opinión.

LGB1.2.1. Accede a documentos audiovisuais e dixitais, para obter, seleccionar e clasificar, con certa autonomía, a información relevante e necesaria para realizar traballos ou completar información, valorando os medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe.

LGB1.2.2. Elabora textos orais sinxelos imitando modelos de calquera medio de comunicación.

LGB1.4.3. Iníciase na elaboración de pequenas exposicións orais na aula adecuando o discurso ás diferentes necesidades comunicativas (narrar, describir e expoñer), utilizando o dicionario se é preciso.

LGB1.4.4. Participa activamente no traballo en grupo, así como nos debates.

LGB1.5.1. Atende as intervencións dos e das demais en actos de fala orais, sen interromper.

LGB1.5.2. Respecta as opinións dos e das demais.

LGB1.6.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.

LGB1.7.1. Planifica e elabora un discurso oral coherente, sen contradicións nin repeticións innecesarias, utilizando un vocabulario adecuado á súa idade.

LGB1.7.2. Elaboro un discurso oral cohesivo, utilizando nexos básicos adecuados.

LGB1.11.1. Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación adecuada a cada acto comunicativo.

LGB2.6.1. Realiza diferentes tipos de lectura en función de cada texto: de investigación, de aprendizaje, de gozo personal ou de resolución de problemas.

LGB3.6.1. Usa recursos gráficos e paratextuais para facilitar a comprensión dos textos e ilustralos de maneira creativa.

LGB3.7.1. Coida a presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: marxes, disposición no papel, limpeza, calidade caligráfica, separación entre parágrafos, interliñado... en calquera soporte.

## ÁREA DE ED. ARTÍSTICA (PLÁSTICA)

EPB2.1.1. Realiza composicións que transmitan emocións e sensacións básicas, utilizando distintos elementos e recursos para os axustar ás necesidades.

EPB2.2.1. Confeciona planos, e mapas simples coa axuda das ferramentas básicas, individualmente e en grupo.

EPB2.2.3. Participa nas actividades propostas e amosa interese por elas, colaborando sempre que se trate dun traballo en grupo

EPB2.5.1. Valora os elementos e os recursos empregados para conseguir o efecto que máis se axuste ao resultado final.

EPB2.6.2. Presenta as tarefas con orde e limpeza respectando as normas e indicacións establecidas.

# **E CON ELES ÁS COMPETENCIAS CLAVE**

Nos estándares seleccionados na área de CC.SS xa aparecen as sete competencias clave.

Nos seleccionados dende a área de Lingua Galega aparecen fundamentalmente 4.

Nos estándares referidos á área de Educación Artística-Plástica.

**NÓS DECIDIMOS QUE COMO OS PRODUCTOS QUE IAMOS AVALIAR ERAN:**

O cartel publicitario para animarnos a visitar o seu país e a exposición oral aí podíamos analizar o desempeño das competencias:

**CCL**

**CAA**

**CSIEE**

**CEC**

Se traballaba tamén por suposto a Competencia Dixital porque na búsqueda de información empregaron esta canle pero decidimos que nós non poñíamos nesta ocasión o foco sobre ela.

O mesmo pasaba coa Competencia Social e Cívica porque tiñan que falar e tomar decisións en conxunto que axudasen a que o seu proxecto saise adiante.

E incluso a Competencia matemática e ciencias tecnolóxicas porque no deseño do cartel tiveron que ter en conta consideracións propias desta competencia para desenvolver un bo traballo.

Pero nós puxemos o foco sobre dúas actividades:

Elaboración do cartel.

Exposición oral

## RÚBRICA DA EXPOSICIÓN ORAL: A ONDE NOS IMOS?

	A	B	C	D
<b>FORMA DE EXPONER:</b> Pronunciación Volumen Postura	Adopta unha postura e xeitos correctos. Escóitase perfectamente, Pronuncia e vocaliza ben.	A postura e os xeitos non están modulados aínda que son correctos. Aínda que pronuncia ben, non vocaliza ás veces. Esaxera o volumen.	A postura e os xeitos son descoñecidos. A pronuncia, entonación e vocalización non sempre é axeitada.	Non adopta unha postura correcta. Fai xeitos inadecuados. A pronuncia e vocalización son deficientes ou non se escoita con claridade o que di.
<b>CONTIDO</b> Calidade e cantidade de argumentos	A exposición do contido é concreta e completa.	A exposición do contido é boa aínda que ás veces non obedece ben ao fin da exposición.	O contido é válido pero faltan argumentos e datos que aportar.	Falta dun contido preciso orientado á finalidade que se persigue.
<b>INTERACCIÓN CO PÚBLICO</b> <b>VOCABULARIO</b>	A construción das oracións, os conectores e o vocabulario é correcto.	Usa un vocabulario correcto aínda que as intervencións non están ben unidas.	O vocabulario e as oracións coas que transmite o contido están ás veces desorganizadas.	Non emprega unha verdadeira alocución. Di cousas incoexas.
<b>SECUENCIACIÓN</b>	A secuenciación obedece claramente aos fins da exposición e está ben organizada.	Trata de seguir a secuenciación pactada pero depende moito do escrito e dos demais compoñentes do grupo.	Non hai unha secuencia preparada aínda que as intervencións están orientadas á finalidade que persiguen.	Non hai unha secuenciación que obedeza á finalidade perseguida.

En canto ao folleto foi avaliado de igual maneira:

### RÚBRICA DO CARTEL PUBLICITARIO

	A	B	C	D
CREATIVIDADE E ORIGINALIDADE	É cartel chamativo e ben realizado que cumpre o seu papel.	É un cartel ben feito aínda que non chama a atención.	Cumpre a función pero non está ben deseñado.	É un cartel pouco traballado que non cumpre a súa función.
LIMPEZA, CLARIDADE E ORDE DOS ELEMENTOS NO CARTEL	Contén imaxes, letras en distintos tamaños e cores, un eslogan e texto informativo. Todo está ben distribuído no formato empregado.	Contén imaxes e algúns elementos propios do cartel con información precisas. Non está ben distribuído este contido no formato dado.	Os elementos do folleto conteñen información pero falta limpeza e orden a súa creación.	É un cartel descoidado, pouco ordenado, sen moita información e con falta de limpeza.
INFORMACIÓN CONTIDA	Axuda a transmitir a mensaxe na exposición aportando bos argumentos.	Contén elementos que apoian a exposición.	Hai elementos informativos que poden apoiar a exposición aínda que son poucos.	Non axuda ao grupo a sacar adiante a súa exposición.

**En canto á valoración obtida desta avaliación a cada alumno esa nota ía a un dos apartados polos que se concretaba a nota da avaliación:**

**TRABALLO GRUPAL: Nos criterios de cualificación do alumnado este tipo de traballos contaba un 20%.**

**INTERVENCIÓNS NA AULA: Nos criterios de cualificación a exposición de cada alumno entraba no apartado de traballo individual e eficiente na aula. Valía un 20%**

## **OUTRO DOS ASPECTOS QUE SE AVALIARON FOI A PARTICIPACIÓN NO GRUPO**



**Pensamos que aportaba datos para avaliar a competencia en aprender a aprender. Como era o primeiro traballo deste tipo o recollido podíanos servir para ver como evolucionaba ao longo do curso.**



**Ademais da observación directa por parte da mestra e as consecuencias do traballo elaborado en conxunto interesounos que cada alumno fixese unha autoavaliación e tamén opinase sobre os outros membros do grupo facendo unha coavaliación sen dar nomes.**


ESTE MESMO PROCEDIMENTO LEVÁMOLO A CABO COA REALIZACIÓN DO TRABAÑO SOBRE AUSTRALIA MOITO MÁIS COMPLETO E SOBRE A REALIZACIÓN DO AUDIO-CONTO.

NOUTRAS ACTIVIDADES COMO A PEQUENA TAREFA PARA O DÍA DA PAZ OU A PEQUENA INVESTIGACIÓN SOBRE O SAMAIÑ EN AUSTRALIA NON O FIXEMOS PORQUE O CONSIDERAMOS UN EXERCICIO SEN MÁIS.


A ORGANIZACIÓN DO BAILE DO ENTROIDO E A DECISIÓN DE CÓMO DISFRAZARSE PUXO EN XOGO MOITAS COSAS QUE QUEDARON SEN AVALIAR E QUE DEBERÍAN SER AVALIADAS.

O TRABAÑO CONXUNTO SOBRE UN MESMO PROXECTO TEN UN GRAN COMPOÑENTE EMOCIONAL E VEHICULAR PARA O CENTRO PORQUE PERMITE QUE TODOS TRABALLEMOS XUNTOS.


## 5. MAPA CONCEPTUAL DE RELACIONÓNS ENTRE TAREFA, ACTIVIDADES E EXERCICIOS




## 5. - MAPA CONCEPTUAL DE RELACIÓNS ENTRE TAREFA, ACTIVIDADES E EXERCICIOS




## 5. MAPA CONCEPTUAL DE RELACIONES ENTRE TAREFA, ACTIVIDADES E EJERCICIOS




## 5. MAPA CONCEPTUAL DE RELACIONÓNS ENTRE TAREFA, ACTIVIDADES E EXERCICIOS



## 5. - MAPA CONCEPTUAL DE RELACIONÓNS ENTRE TAREFA, ACTIVIDADES E EXERCICIOS



## 5 - MAPA CONCEPTUAL DE RELACIONS ENTRE TAREFA, ACTIVIDADES E EXERCICIOS



			Técnicas de trabajo. Recursos e técnicas de trabajo individual. CN-B1.16-Elaboración de protocolos de uso das TIC na aula.			
5º	CS	abc,d	CS-B1.1-Iniciación ao coñecemento científico, toma de conciencia das súas fases e a súa aplicación nas Ciencias sociais. Proposta de traballo que xurda dun problema, acontecemento ou inquedanza e que supoña un proceso de investigación e acción que garanta participación activa do alumnado e facilite o proceso de autorregulación de aprendizaxes. CS-B1.3-Planificación e xestión de proxectos co fin de acadar obxectivos. Iniciativa emprendedora.	CS-B1.1-Realizar un traballo de investigación que supoña a busca, selección e organización de información sobre fenómenos previamente delimitados, a realización dun produto, a documentación do proceso e a comunicación do resultados.	CSC CAA	5º-CSB1.2-Adopta un comportamento responsable, construtivo e solidario, respectando diferentes ideas e achegas nos debates e recoñecendo a cooperación e o diálogo como principios básicos do funcionamento democrático.
5º	CS	ab,de,h,i	CS-B1.1-Iniciación ao coñecemento científico, toma de conciencia das súas fases e a súa aplicación nas Ciencias sociais. Proposta de traballo que xurda dun problema, acontecemento ou inquedanza e que supoña un proceso de investigación e acción que garanta participación activa do alumnado e facilite o proceso de autorregulación de aprendizaxes. CS-B1.3-Planificación e xestión de proxectos co fin de acadar obxectivos. Iniciativa emprendedora.	CS-B1.1-Realizar un traballo de investigación que supoña a busca, selección e organización de información sobre fenómenos previamente delimitados, a realización dun produto, a documentación do proceso e a comunicación do resultados.	CCL CAA	5º-CSB1.1.1-Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selección a información relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito. 5º-CSB1.1.1-Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selección a información relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito. 5º-CSB1.1.3-Realiza as tarefas encomendadas e presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa.
5º	CS	be,h,i,o	CS-B1.7-Utilización da terminoloxía propia da área. Organización de ficheiros temáticos de termos propios da área. CS-B1.9-Utilización e lectura de diferentes linguaxes textuais e gráficos.	CS-B1.3-Coñecer e utilizar as palabras claves e conceptos necesarios para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais, así como comprender diferentes linguaxes recollidos en textos de carácter social, xeográfico ou histórico.	CCL CD CMCCT CSC	5º-CSB1.3.1-Emplega de maneira axeitada o vocabulario adquirido para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais.
5º	EM	ja		EM-B1.1-Escollir obras de características ou estilos e compositores e compositoras diferentes, recoñecer as diferenzas e/ou as relacións existentes, e facer unha valoración posterior.	CSC	5º-EMB1.1.1-Exprésase as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical. 5º-EMB1.1.3-Respecta as opinións dos compañeiros e das compañeiras.
5º	EM	jd,o		EM-B1.4- Procurar e seleccionar información co fin de planificar e organizar visitas culturais e a asistencia, a espectáculos, festas, accións na rúa, festivais e concertos, así como intercambiar esa información co fin de contribuir á formación e á satisfacción persoal e colectiva, e encher o tempo de lecer.	CIEE CCL CD	5º-EMB1.4.2-Planifica o traballo respectando as ideas e as contribucións das demais persoas.
5º	EM	jd,o		EM-B3.2- Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturais.	CCEC CSC	5º-EMB3.2.2-Coñece e identifica danzas de diferentes lugares e culturas, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural. 5º-EMB3.2.3- Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas.
5º	EM	j		EM-B3.1-Emplegar as posibilidades expresivas do propio corpo en coordinación coas demais persoas, para realizar representacións musicais colectivas de xeito lúdico.	CCEC CAA CMCCT	5º-EMB3.1.2-Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rítmica.

5º	EP	abc	EP-B2.12.- Constancia e esixencia progresiva no proceso de realización de tarefas plásticas aplicando estratexias creativas e respectando as normas previamente establecidas. EP-B2.13.-Seguimento das normas e das instrucións de manexo e conservación de instrumentos, materiais e espazos. EP-B2.14.-Asunción de responsabilidades no traballo individual e colectivo.	EP-B2.5-Participar con interese, cuidando e respectando o material, os utensilios e os espazos, desenvolvendo a iniciativa e a creatividade, respectando as normas e as regras previamente establecidas.	CSC	5º-EPB2.5.1-Valora os elementos e os recursos empregados para conseguir o efecto que máis se axuste ao resultado final. 5º-EPB2.5.2-Coida e respecta os materiais, os utensilios e os espazos utilizados.
5º	EP	e	EP-B2.1.-Uso de texturas para caracterizar imaxes e obxectos, e para o tratamento de imaxes dixitalizadas. EP-B2.2.-Preparación de documentos propios da comunicación artística: carteis, programas e guías. EP-B2.3.-Disposición á orixinalidade e á espontaneidade á hora de plasmar ideas.	EP-B2.1.- Experimentar coas imaxes como unha ferramenta para deseñar documentos de información e comunicación (carteis, guías, folletos etc.)	CCEC CSIEE	5º-EPB2.1.1.-Realiza composicións que transmitan emocións e sensacións básicas, utilizando distintos elementos e recursos para os axustar ás necesidades. 5º-EPB2.1.2.-Busca un cartel e confecciona o seu propio anuncio.
5º	EP	h,b	EP-B2.15.-Elaboración de deseños previos á realización dunha obra para chegar ao resultado final con orde e limpeza. EP-B2.16.-Establecemento de protocolos de organización, orde, limpeza e presentación.	EP-B2.6.-Amosar interese polo traballo, apreciando e valorando a correcta realización de actividades e a presentación.	CSC CCEC	5º-EPB2.6.1.-Completa e realiza os debuxos utilizando os coñecementos aprendidos 5º-EPB2.6.2.-Presenta as tarefas con orde e limpeza respectando as normas e indicacións establecidas. 5º-EPB2.6.3.-Amosa interese polo traballo e a aplicación, apreciando a correcta realización dos exercicios e actividades.
5º	EP	j,e,a	EP-B2.5.-Construción de estruturas e transformación de espazos usando noções métricas e de perspectiva. EP-B2.6.-Establecemento de revisións e reflexión sobre o traballo.	EP-B2.2.-Realizar planos, mapas e carteis, individualmente e en grupo, mantendo as ferramentas básicas do debuxo xeométrico.	CSC	5º-EPB2.2.1.-Confecciona planos, e maqas simples coa axuda das ferramentas básicas, individualmente e en grupo. 5º-EPB2.2.3-Participa nas actividades propostas e amosa interese por elas, colaborando sempre que se trate dun traballo en grupo 5º-EPB2.2.3-Participa nas actividades propostas e amosa interese por elas, colaborando sempre que se trate dun traballo en grupo
5º	EP	j,e	EP-B1.1.-Indagación sobre as posibilidades plásticas dos elementos naturais e o seu uso con fins expresivos.	EP-B1.1.-Distinguir as diferenzas fundamentais entre as imaxes fixas e en movemento, clasificándoaas segundo patrons aprendidos.	CCEC CSIEE	5º-EPB1.1.2.-Debuxa aspectos da vida cotiá. 5º-EPB1.1.2.-Debuxa aspectos da vida cotiá.
5º	EP	j,e	EP-B1.2.-Exploración das posibilidades de materiais, texturas, formas, cores etc. sobre diferentes soportes. EP-B1.3.-Análise da interrelación dos códigos e a intencionalidade comunicativa. EP-B1.4.-Interese por aplicar ás representacións plásticas os descubrimentos obtidos na exploración de materiais.	EP-B1.2.-Identificar e describir os materiais, utensilios e soportes, texturas, formas e cores; comprobando as posibilidades que chegan para a creación artística.	CCEC	5º-EPB1.2.1.-Identifica os recursos e os materiais utilizados para elaborar unha obra. 5º-EPB1.2.-Analiza as posibilidades de materiais, texturas, formas e cores aplicadas sobre diferentes soportes.
5º	EP	j,e	EP-B1.7.-Realización de fotografías (entouque e planos) para enriquecer un informe, para recoller actividades de centro, para ilustrar unha noticia,?	EP-B1.3.-Aproximarse á lectura, análise e interpretación da arte e as imaxes fixas e en movemento nos seus contextos culturais e históricos, comprendendo, de maneira crítica, o significado e función social, sendo capaz de	CCEC	5º-EPB1.3.2.-Realiza fotografías utilizando medios tecnolóxicos, analizando, a posteriori, se o encadre é o máis axeitado para o propósito inicial.

5º	EP	j,e	EP-B2.7-Análise das formas de representación de volumes no plano segundo o punto de vista ou a situación no espazo.	EP-B2.3-Imaxinar, debuxar e elaborar obras tridimensionais con diferentes materiais.	CCEC CSIEE	5º-EPB2.3.4-Combina e analiza as cores para as utilizar correctamente na composición. 5º-EPB2.3.6-Constroe obxectos tridimensionais.		
5º	EP	j,h	EP-B2.9- Uso de texturas para caracterizar obxectos e imaxes. EP-B2.11-Recreación de espazos imaxinados aplicando conceptos básicos de composición, equilibrio e proporción.	EP-B2.4-Representa, de forma persoal, ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.	CCEC CSIEE	5º-EPB2.4.1-Debuxa formas, figuras e elementos do contexto con dimensións, proporcións, cores e tamaños axeitados.		
5º	LC	a,b,e		LC-B1.3-Expresarse de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións con vocabulario axeitado e estrutura coherente.	CCL CAA CSC CSIEE	5º-LCB1.3.3-Participa activamente nas tarefas de aula, cooperando en situación de aprendizaxe compartida.		
5º	LC	e,i	LC-B2.10-Utilización guiada das Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura e tratamento guiado da información.	LC-B2.7-Utilizar as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura e tratamento guiado da información.	CCL CD CAA	5º-LCB2.7.1-Utiliza as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura e tratamento guiado da información.		
5º	LC	e	LC-B2.1.-Lectura en silencio e voz alta de distintos tipos de texto.	LC-B2.1.-Ler, en voz alta e en silencio, diferentes textos, con fluidez e entoación adecuada.	CCL CAA	5º-LCB2.1.2.-Lee en silencio coa velocidade adecuada textos de diferente complexidade. 5º-LCB2.1.4-Resume textos lidos de diferente tipoloxía e adecuados a súa idade, reflectindo a estrutura e destacando as ideas principais.		
5º	LG	a,b,c,e,o	LG-B1.5-Comprensión e produción de textos orais breves para aprender e para informarse, tanto os creados con finalidade didáctica como os de uso cotián, de carácter informal (conversas entre iguais e no equipo de traballo) e dun maior grao de formalización (exposicións da clase, entrevistas ou debates).	LG-B1.4-Comprender e producir textos orais propios do uso cotián ou do ámbito académico.	CCL	5º-LGB1.4.3-Iniciase na elaboración de pequenas exposicións orais na aula adecuando o discurso as diferentes necesidades comunicativas (narrar, describir e expoñer), utilizando o dicionario se é preciso. 5º-LGB1.4.3-Iniciase na elaboración de pequenas exposicións orais na aula adecuando o discurso as diferentes necesidades comunicativas (narrar, describir e expoñer), utilizando o dicionario se é preciso. 5º-LGB1.4.4-Participa activamente no traballo en grupo, así como nos debates. 5º-LGB1.4.4-Participa activamente no traballo en grupo, así como nos debates.		
5º	LG	a,b,e,j		LG-B3.7.-Coidar a presentación dos traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación.	CCL CSC	5º-LGB3.7.1-Coida a presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: marxes, disposición no papel, limpeza, calidade caligráfica, separación entre parágrafos, interliniado? en calquera soporte.		
5º	LG	a,b,e	LG-B1.8-Uso de estratexias elementais para comprender e facer comprender as mensaxes orais: fluidez, claridade, orde, léxico apropiado, pronuncia correcta, ton de voz, entoación, xestualidade, incorporación das intervencións das demais persoas e formulación de preguntas coherentes.	LG-B1.7-Amosar interese por expresarse en público coherentemente, sen contradicións, sen repeticións innecesarias e usando nexos adecuados.	CCL CCEC	5º-LGB1.7.1-Planifica e elabora un discurso oral coherente, sen contradicións nin repeticións innecesarias, utilizando un vocabulario adecuado á súa idade. 5º-LGB1.7.1-Planifica e elabora un discurso oral coherente, sen contradicións nin repeticións innecesarias, utilizando un vocabulario adecuado á		

5º	LG	a,b,e	LG-B2.9-Lectura expresiva de textos literarios e non literarios, de diferente tipoloxía textual. LG-B2.10-Dramatización e lectura dramatizada de textos literarios e non literarios.	LG-B2.7-Ler expresivamente textos de diversa tipoloxía (dramatizando canto é preciso) con fluidez e precisión, atendendo á dicción, emoción, intensidade de voz, ritmo e velocidade, adecuados ás diversas situacións funcionais da lectura en voz alta. (er para que alguén goce escoitando, ler para dar a coñecer un texto descoñecido, ler para compartir información que se acaba de localizar) facendo participar a audiencia da súa interpretación.	CCL CSC	5º-LGB2.7.2-Le textos en voz alta con fluidez e precisión. 5º-LGB2.7.3-Le textos en voz alta con ritmo, velocidade e ton da voz adecuados. 5º-LGB2.7.4-Le en voz alta adaptándose ao interese do auditorio: gozar escoitando, obter nova información. 5º-LGB2.7.5-Fal lecturas dramatizadas de textos.
5º	LG	a,c,d,e	LG-B1.7-Participación e cooperación nas situacións comunicativas de relación social especialmente as destinadas a favorecer a convivencia (debates, exposicións curtas, conversas, expresións espontáneas, asembleas, narracións orais, entrevistas) con valoración e respecto das normas que revén a interacción oral (quendas de palabra, roes diversos no intercambio, respecto ás opinións das demais persoas, ton de voz, posturas e xestos adecuados)	LG-B1.6-Participar nas diversas situacións de intercambio oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que revén a interacción oral.	CCL CSC CCEC CAA	5º-LGB1.6.1-Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais. 5º-LGB1.6.1-Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.
5º	LG	a,c,e		LG-B1.5-Mantén unha actitude de escola activa, respectando as opinións dos e das demais.	CCL CCEC	5º-LGB1.5.1-Atende ás intervencións dos e das demais en actos de fala orais, sen interromper. 5º-LGB1.5.2-Respecta as opinións dos e das demais. 5º-LGB1.5.2-Respecta as opinións dos e das demais.
5º	LG	a,c,e		LG-B1.5-Mantén unha actitude de escola activa, respectando as opinións dos e das demais	CCL CCEC	5º-LGB1.5.1-Atende ás intervencións dos e das demais en actos de fala orais, sen interromper. 5º-LGB1.5.2-Respecta as opinións dos e das demais. 5º-LGB1.5.2-Respecta as opinións dos e das demais.
5º	LG	a,e		LG-B1.1-Comprender textos orais sinxelos procedentes da radio, da televisión ou da internet, identificando os aspectos xeerais máis relevantes así como as intencións, valores e opinións explícitos.	CCL CSC	5º-LGB1.1.1-Comprende as ideas principais dun texto oral sinxelo, procedentes da radio, da televisión ou de internet, identifica o tema e elabora un resumo. 5º-LGB1.1.2-Comprende o significado literal e inferencial dun texto oral sinxelo, distinguindo de maneira xeiral, información de opinión.
5º	LG	a,b,e	LG-B3.1-Usa, de maneira xeiral, das estratexias de planificación, de textualización (formato, estrutura, ortografía e normas lingüísticas, puntuación, coherencia e cohesión...) e revisión como partes do proceso escritor	LG-B3.1-Usar, de maneira xeiral, as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.	CCL CAA CSIEE	5º-LGB3.1.1-Planifica a elaboración do texto, antes de comezar a escribir, xerando ideas, seleccionando e estruturando a información, mediante notas, esquemas ou guións. 5º-LGB3.1.2-Elabora o texto cunha estrutura definida, con coherencia e cohesiónando, de maneira xeiral, os enunciados. 5º-LGB3.1.3-Utiliza os signos de puntuación (punto, coma, punto e coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación). 5º-LGB3.1.4-Aplica, de maneira xeiral, a norma

						lingüística: ortografía, acentuación, léxico, morfosintaxe e usa, habitualmente, unha linguaxe non sexista
5º	LG	b,d,e,f	LG-B1.3- Uso de documentos audiovisuais como medio de obter, identificar, seleccionar, clasificar, con progresiva autonomía informacións relevantes para aprender.	LG-B1.2- Valorar e utilizar os documentos audiovisuais dos medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe.	CCL CD CAA CSIEE	5º-LGB1.2.1- Accede a documentos audiovisuais e dixitais, para obter, seleccionar e clasificar, con certa autonomía, a información relevante e necesaria para realizar traballos ou completar información, valorando os medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe. 5º-LGB1.2.2- Elabora textos orais sinxelos iniciando modelos de calquera medio de comunicación. 5º-LGB1.2.2- Elabora textos orais sinxelos iniciando modelos de calquera medio de comunicación.
5º	LG	b,d,e,j	LG-B3.6- Uso das TIC, con certa autonomía, na busca de información, o tratamento dos textos e a realización de presentacións.	LG-B3.5- Usar as TIC, con certa autonomía, para a busca de información, tratamento dos textos e realización de presentacións.	CCL CD CSIEE	5º-LGB3.5.1- Busca e selecciona información en diferentes fontes e soporte dixitais. 5º-LGB3.5.4- Utiliza as TIC, con certa autonomía, para realizar presentacións elementais
5º	LG	b,d,e,j		LG-B5.2- Ler textos e obras n galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes.	CCL CCEC CD	5º-LGB5.2.2- Le en voz alta obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes.
5º	LG	b,e,i,j		LG-B3.6- Utilizar recursos gráficos e paratextuais que faciliten a comprensión dos textos e contribúan á súa ilustración creativa.	CCL CD CSIEE	5º-LGB3.6.1- Usa recursos gráficos e paratextuais para facilitar a comprensión dos textos e ilustralos de maneira creativa.
5º	LG	b,e,i	LG-B2.7- Uso dirixido das tecnoloxías da información e da comunicación para a localización, selección, interpretación e organización da información.	LG-B2.5- Utilizar as tecnoloxías da información para tratar a información nun texto sinxelo.	CCL CAA CD CSIEE	5º-LGB2.5.1- Utiliza as tecnoloxías da información para localizar e seleccionar a información nun texto sinxelo adecuado á súa idade.
5º	LG	b,e,o	LG-B2.8- Realización de diferentes tipos de lectura: de investigación, de aprendizaxe, de gozo persoal, de resolución de problemas.	LG-B2.6- Realizar diferentes tipos de lectura.	CCL CSIEE CAA	5º-LGB2.6.1- Realiza diferentes tipos de lectura en función de cada texto: de investigación, de aprendizaxe, de gozo persoal ou de resolución de problemas.
5º	LG	e,o	LG-B1.12- Interese por expresarse oralmente coa pronuncia e coa entoación adecuadas.	LG-B1.11- Interesase por amosar unha pronuncia e entoación adecuadas.	CCL CAA CCEC CSIEE	5º-LGB1.11.1- Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación adecuada a cada acto comunicativo. 5º-LGB1.11.1- Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación adecuada a cada acto comunicativo.

**TRABALLAMOS  
CURRÍCULO**

**DE MANEIRA  
CONTEXTUALIZADA**

**CO INTERESE E A  
MOTIVACIÓN DO  
ALUMNO.**

**CUNHA  
PARTICIPACIÓN  
ACTIVA**

**CONVERTIDO NO  
PROTAGONISTA  
DAS SÚAS  
APRENDIZAXES**

## **OS PROXECTOS DOCUMENTAIS INTEGRADOS PROPICIAN O TRABALLO EN GRUPOS COLABORATIVOS**

**➤ SE ESTAMOS NUNHA FASE NA QUE OIMOS FALAR DOS GRUPOS COOPERATIVOS PERO NON TEMOS CLARO COMO FUNCIONAR CON ELES NESTE TIPO DE PROXECTOS DOCUMENTAIS TEMOS UNHA BOA OPORTUNIDADE DE PROBAR E VER O POTENCIAL QUE TEÑEN.**

**➤ PARA POÑER ISTO EN PRÁCTICA NECESITAMOS TER UNHAS POUCAS IDEAS CLARAS E LOGO LANZARNOS A VER COMO VAI**

## QUE É UN GRUPO COOPERATIVO?

É UN GRUPO REDUCIDO DE ALUMNOS QUE TRABALLAN XUNTOS PARA OBTEN  
UNS RESULTADOS: FACER UNHA TAREFA, FACER UNHA INVESTIGACIÓN, ETC

TEÑEN QUE TRABALLAR XUNTOS SEN DARLLE TANTA IMPORTANCIA AO  
TRABALLO INDIVIDUAL DE CADA UN COMA A O QUE PODEN CONSEGUIR EN  
CONXUNTO.

A BOA RESOLUCIÓN DO TRABALLO NON DEPENDE DUN SO ALUMNO SENÓN DA  
CAPACIDADE DO GRUPO PARA ORGANIZARSE, ASIGNAR TAREFAS E DESEMPÑAR  
CON EFICIENCIA AS ACTUACIÓNS ENCOMENDADAS.

AÍNDA QUE A FINALIZACIÓN CON ÉXITO É O OBXECTIVO FINAL DO EQUIPO TAMÉN  
SE PRESTA GRAN IMPORTANCIA A COMO TRANSCURRIU ESE PROCESO E A  
COAVALIACIÓN AXUDA Á MELLORÍA DE TODOS.

## **QUE NOS APORTAN ESTE TIPO DE GRUPOS NO TRABAJO NA AULA?**

**Cambia o traballo individual e competitivo por un no que o apoio de todos e todas é necesario.**

**Os alumnos fanse responsables da súa aprendizaxe. O proceso faise inclusivo porque todos aportan.**

**Cambia o modelo: o profesor ensina e nós aprendemos por un modelo no que todos nos axudamos e aprendemos xuntos.**

**Se temos unha alta diversidade na aula é un medio de propiciar un apoio máis amplo que o do profesor.**

**Ademais de aprender temas académicos os alumnos e alumnas están poñendo en xogo as habilidades interpersonais para funcionar como parte dun equipo.**

**O alumnado ten que tomar decisións, deliberar, escoller camiños, manexar os conflitos que xurdan entre eles para que o traballo final sexa un éxito.**

## **COMO É O MODELO DE GRUPO COOPERATIVO NUN TRABALLO DE INVESTIGACIÓN COMA O DOCUMENTAL?**

- **Nel debe existir un grupo de alumnos heteroxéneo.  
Non funcionan os grupos de amigos**
- **O mestre debe responsabilizarse desta organización.  
Debe facer confluír no grupo distintos niveis de  
capacidades e debe dedicar tempo a que eles entendan  
que para funcionar ben teñen que traballar todos e  
lograr as aprendizaxes todos.**

- **No caso do PDI axuda moito o ter o produto final definido porque a meta está clara dende o principio.**
- **Deben ter un rol asignado tamén ben definido pero non pechado.**
- **O grupo non é avaliado polo seu produto ao final senón que durante este proceso debe haber una supervisión continua por parte do mestre que vaia permitindo ao grupo primeiro tomar decisión conxuntas, responsabilizar a cada quen dun aspecto e logo integralo de maneira conxunta por todos.**

## **A ORGANIZACIÓN INTERNA: HAI QUE ENSINAR COMO ORGANIZARSE**

- **Unha vez que o traballo está definido deben asignar roles, misións a cada membro ou membros do equipo.**
- **Isto supón ter en conta as habilidades de cada quen e poñelas de manifesto diante dos demais.**
- **É bo darlles un tempo controlado para elaborar este plan de actuación.**
- **É importante que o escriban e teñan claro: imos facer isto e desta maneira.**

➤ **Tamén é moi importante contar co material necesario. No caso do desenvolvemento do noso PDI a búsqueda de fontes está xa realizada. A súa selección é dentro dun grupo de recursos xa localizados e válidos.**

➤ **Isto é unha importante axuda cando empezamos a traballar deste xeito.**

**AS TÉCNICAS DE TRABAJO.- COMO TRABALLAR NO EQUIPO**

**O PROXECTO DOCUMENTAL INTEGRADO É UNHA OPORTUNIDADE PARA TRABALLAR CON TÉCNICAS COOPERATIVAS**

**MESA REDONDA**

**LAPIS AO CENTRO**

**1 - 2 - 4**

**PARELLAS**

**3 X 3**

**FOLIO XIRATORIO**

**A AVALIACIÓN**

**CO-AVALIACIÓN**

**AUTO-AVALIACIÓN**

**AVALIACIÓN POR PARTE DO MESTRE**